

números 14003100, 14004468 e 15000652, de datas do 31 de marzo de 2014, 12 de maio de 2014 e do 2 de febreiro de 2015, respectivamente, **RESOLVE**:

Primeiro.- Facer pública a relación dos aspirantes aprobados así como a puntuación obtida no referido procedemento selectivo, de conformidade coa base décimo novena das Xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo, en quenda libre, publicadas no Boletín Oficial da Provincia nº 157, do 9 de xullo de 2008 (modificadas polo citado órgano en sesión do 18 de febreiro de 2009, modificación que foi publicada no BOP número 051, do 4 de marzo de 2009):

- **1 PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A:**
- DONA CRISTINA MÉNDEZ BARREIRO (21 PUNTOS)

Segundo.- A opositora aprobada, de conformidade coa base vixésima das Xerais referidas, deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello de Lugo, ou en calquera das formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, no prazo de vinte días naturais contados dende o seguinte a aquel no que se publique a relación de aprobados no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, os seguintes documentos acreditativos das condicións de capacidade e demais requisitos esixidos na convocatoria:

1) Declaración xurada de non estar separada mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargo público por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionarios, no que fora separado ou inhabilitado.

2) Certificado que acredite non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal exercicio da función.

3) Dúas fotografías tamaño carné.

4) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social (no caso de ter estado de alta).

Os aspirantes aprobados que, dentro do prazo indicado, agás casos de fuerza maior, non presentase a documentación esixida ou dela se deducise que carece dos requisitos esixidos nas correspondentes convocatorias, non poderá ser nomeado, e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade na súa instancia.

Terceiro.- Contra esta resolución poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia, o cal pon fin á vía administrativa (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), ante o xulgado do contencioso administrativo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo) de Lugo, ou, a elección do demandante, ante aquel na circunscripción do cal teña o demandante o seu domicilio, cando o recurso teña por obxecto actos de materia de persoal, propiedades especiais e sancións (artigo 14 da Lei 19/1998, do 13 de xullo). Malia o anterior, e con carácter previo, contra a presente resolución poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, no prazo de UN MES, contado así mesmo dende o día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo de que poida interpoñerse calquera outro recurso ou reclamación que se estime conveniente ó seu dereito.

Cúmprase.

R. 2017

Anuncio

Por acordo da Xunta de Goberno Local nº 19/263 do día 22 de abril de 2015 acordouse a aprobación de deserto do procedemento convocado anteriormente e a apertura dun **NOVO PROCEDIMENTO DE LICITACIÓN PARA O ALLEAMENTO DE VEHÍCULOS MUNICIPAIS DECLARADOS EFECTOS NON UTILIZABLES**.

Por medio deste anuncio dáse a coñecer a licitación conforme ás seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

2.- Obxecto do contrato.

a)**Descripción do obxecto:** O obxecto do presente procedemento é o alleamento, mediante poxa pública, dos seguintes vehículos municipais declarados efectos non utilizables:

MATRÍCULA	MARCA	MODELO	OBSERVACIÓN
LU-2449-V	ROVER	420 SDI	
LU-5271-U	ROVER	420 SDI	

LU-6875-F	CAMIÓN BASCULANTE	L-80.3	CON DOBLE CABINA
8447-CFF	B.M.W.	C-1	
8361-CFF	B.M.W.	C-1	
LU-5398-H	RENAULT	R4 F6	

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) **Tramitación:** ordinaria

b) **Procedemento:** aberto.

4.- Tipo de licitación:

O prezo mínimo de venda da totalidade dos vehículos é de 3.500 € e poderá ser mellorado á alza polos licitadores.

5.- Garantías:

a) **Provisional:** Non se esixe.

b) **Definitiva:** O 5 % do importe de adxudicación.

6. Obtención de documentación e información.

a) **Entidade:** Concello de Lugo, Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197, 3^a planta

c) **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

d) **Teléfonos:** (982) 29-71-45, 29-73-01, 29-71-43

e) **Telefax:** (982) 29-72-59.

f) **Dirección internet:** www.lugo.es (Perfil do Contratante, no apartado “Outros”).

g) **Data límite de obtención de documentos e información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

7.- Requisitos específicos do contratista.

a) **Outros requisitos:** Os sinalados no prego de cláusulas administrativas particulares que rexen o procedemento.

8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) **Data límite de presentación:** O prazo de presentación de proposicións será de QUINCE DÍAS NATURAIS contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

b) **Documentación que hai que presentar:** A que figura na cláusula novena do prego de cláusulas administrativas particulares.

c) Lugar de presentación:

1^a **Entidade:** Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou por correo.

2^a **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197, planta baixa.

3^a **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

9.- Apertura das ofertas.

a) **Entidade:** Concello de Lugo

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197, 3^a planta.

c) **Localidade:** Lugo

d) **Data:** Ó segundo día natural posterior ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo, a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

10.- Outras informacions: As que se recollen no prego de cláusulas administrativas particulares.

Lugo, 4 de maio de 2015.- A TENENTA DE ALCALDE DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN, Sonia Méndez García